

Plan de Acción Titorial Máster universitario en Avogacía Facultade de Dereito

Informe Final 2022-2023

Informe final 2022-2023



Plan de Acción Titorial

Facultade de Dereito(Ourense)

Presentación

O Plan de Acción Titorial configúrase como un documento-marco que ten como finalidade guiar e motivar a institucionalización e sistematización de Plans de Acción Titorial nos centros da Universidade de Vigo, dando resposta así as esixencias impostas polo Espazo Europeo de Educación Superior e responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Trátase dun documento vivo que será revisado e actualizado de acordo coas necesidades e prioridades da facultade.

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

O PAT elaborado e aprobado, o 8 de xullo de 2021, pola Xunta de Facultade, prevé que o profesorado titor asesorará o seu alumnado de primeiro curso do Máster ao longo de todo o curso académico.

Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:

- unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais (na que o alumnado poderá cubrir o anexo II).
- outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.

Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar as/os titorizadas/os, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O alumnado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

BLOQUE 1: Accións de organización e Acollida

1. O día 26 de setembro de 2022 celebrouse na Facultade de Dereito a Xornada de Acollida os estudantes do primeiro curso do Máster universitario en Avogacía (Xúntase d'índice da Xornada como Anexo I¹). Os obxectivos que persigue esta xornada son:
 - a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
 - b. Presentar ao estudante o Máster en Avogacía da Facultade de Dereito.
 - c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito
2. Sesión de Organización do PAT: A coordinadora académica remitiu un correo aos profesores titulares do Plan de Acción Titorial para que manifestaran o seu interese en seguir sendo titulares durante o curso académico 2022-2023. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. II.
3. Sesión Informativa e de presentación (novembro): O día 17/11/2022, dende a coordinación do mestrado, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado tutor do PAT enviouse un correo electrónico a todo o profesorado tutor do PAT de primeiro curso do mestrado, onde se lle instaba a convocar ao estudiantado tutorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 16 de decembro de 2022, para a presentación do tutor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse polo desenvolvemento do curso, co fin de recadar información que permita a mellora da titulación. Xúntase como anexo III copia do correo electrónico.
4. A asistencia dos estudantes as reunións cos titulares foi irregular. Así mentras uns titulares celebraron as súas reunións con normalidade, outra parte dos titulares mostráronse sorprendidos pola falta de resposta por parte do alumnado. Nembargantes, os estudantes que asistiron as reunións, na maioría dos casos, manifestaron que non había incidencias relevantes, e manifestaron a súa satisfacción co desenvolvemento do mestrado.

¹ Todos os anexos deste informe poderanse consultar na Coordinación do Máster.

BLOQUE 2: Apoio e Seguimento

1. O día 12 de abril de 2023 remííuselle un novo correo electrónico o profesorado titor onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha reunión de seguimento a celebrar antes do 28 de abril de 2023. Xúntase como anexo IV copia do correo electrónico.
2. Novamente os titores manifestaron a súa inquietude pola escasa participación dos estudantes nas reunións de seguimento do PAT. Nembargantes, os estudantes que asistiron a reunión, en termos xerais, manifestan que non consideran que haxa incidencia e a súa satisfacción co desenvolvemento do Máster.

BLOQUE 3: Avaliación e Análise de Resultados:

Segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»).

1. O 24 de julio de 2023, dende a coordinación do Máster, enviúuselle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o profesorado implicado no PAT debe cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»), polo que se lles solicitaba que cumprimentasen dito anexo a través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Tamén se solicita o profesorado que, se aínda non enviaran á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os envíen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.

Das respostas as enquisas se obtiveron os seguintes resultados:

- Se considera que a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT é suficiente.
- Se considera que a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é moi boa.
- Se considera que a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT é pouca e que as datas establecidas para as distintas actividades, a metodoloxía empregada e o sistema de seguimento foron axeitados.
- O 50% considera que o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudantado é bastante, mentras que o outro 50% considera que ten moita utilidade.

2. O día 24 de julio de 2023, dende a coordinación do Máster, envióselle un correo electrónico aos estudantes titorizados do PAT solicitando que cumprimentasen o “anexo IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” a través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Sete dos estudantes respostaron, obtendo os seguintes resultados:

- Os estudantes consideran que a documentación e a información previa ofrecida do PAT é suficiente.
- O 38.5% dos estudantes consideran que a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é moi boa, mentres que o 61.5% considera que é boa.
- A pregunta “En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?”, o 23.1% considera que moito, o 61.5% considera que bastante e só 15.4% resposta que pouco.
- O 8.3% dos estudantes considera que o grado de utilidade do PAT é moita; o 75% dos estudantes consideran que é bastante e o 16.7% que é pouca.
- O 76.9% considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas, mentras que o 23.1% que non.
- O 84.6% considera axeitado o sistema de seguimento e o 15.4% que non.
- A pregunta “Que eliminaría do PAT?” un encuestado contestou que nada, outro que todo ok y outro que en principio todo ben.
- A pregunta “Que engadiría?” Un encuestado indica que engadiría máis reunións grupa, aínda coa dispoñibilidade da tutora a atendernos individualmente. Outro encuestado indica que engadiría máis reunións. E, finalmente, outros dous din que non engadirían nada.

Tras analizar os Anexos III das distintas reunións mantidas entre os profesores tutores e os alumnos titorizados, pódese concluír que a meirande parte dos temas prantexados son relativos a dúbidas sobre o desenvolvemento da docencia e da avaliación.

Melloras a introducir para o curso 2023-2024

- Motivar a asistencia dos estudantes as reunións do PAT, tanto na Xornada de Acolida coma nas clases impartidas polos tutores do PAT.
- Activar en la plataforma MOOVI el PAT de forma que se pueda utilizar como canal de comunicación con los estudiantes.

Validado pola Comisión de Calidade o día 21 de decembro de 2023. Aprobado pola Comisión Permanente o día 21 de decembro de 2023. Aprobado pola Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía o día 22 de decembro de 2023.

A Coordinadora do Máster universitario en avogacía (campus de Ourense)

M^a Dolores Fernández Fustes